

PREGUNTAS

1. ¿Cando pensa Vostede rematar o saneamento do lugar de Paraimas en Saiar, porque existen casas sen conexión e comprometeuse a conectalas, a cesión da finca privada xa está feita?.
2. ¿Cando pensa Vostede facer algunha labor de mantemento e conservación do entorno da capela de San Roque, que se atopa en pleno Camiño Portugués e que, como o resto do Concello, se atopa nun estado de limpeza e conservación absolutamente lamentable?
3. ¿Como pode explicar vostede que a rotonda da N640 que entronca co acceso o porto de Vilagarcía, na parroquia de Godos leve sen alumeado dende pouco despois da súa inauguración?. Esta obra fixoa o Ministerio de Fomento e o seu estado actual con leva moitísimo perigo para os veciños.
4. ¿Presentou Vostede o plan de xestión da carballeira e do parque xardín, que é obrigatorio dende que se declararon BIC, e que lle foi requirido pola Xunta de Galicia e polo Defensor do Pueblo? ¿Como pensa Vostede facer as festas sen plan de xestión? ¿Considera que dende o ano pasado non tivo tempo de elaboralo e presentalo, cumprindo con elo o requirido polo Defensor del Pueblo?
5. ¿A carballeira nas festas patronais vai a estar pechada perimetralmente? ¿Quen se encarga de cobrar o dereito de establecemento na carballeira de atraccións e bares para as festas patronais?.
6. ¿Cómo e posible que diga Vostede que Patrimonio Natural non lle deixa limpar as marxees dos rios no tramo urbán, se o ano pasado se limparon cunha subvención da Xunta de Galicia, departamento de Medio Ambiente? ¿Como é posible que comezara a limpar se permiso e logo o solicite incompleto?. Podolle asegurar que a Xunta de Galicia, se especifica ben a que se refire a limpeza con medios mecánicos e que arbores quere cortar, presentado a documentación completa, non lle vai a poñer probelmas. Por certo, e porque non limpa os sendeiros que a Xunta si que lle dou autorización.

ROGOS

1. Este poste roto leva atravesado no paseo que vai pola beira do río Umia dende as Corticeiras ata ponte Currucho infinidade de tempo, anos, solicitamos que de a instrucións oportunas para a súa retirada, cando menos do anaco que invade o camiño (adxuntamos foto).



2. Na rúa San Roque, no tramo estreito que desemboca con Hipólito de Saa, existen un problema de auga que deteriora o firme de pedra da rúa reiteradamente, pregámoslle que procedan a reparalo.

3. No remate de San Roque con Dolores Mosquera, e na rúa Loureiros, existen varias tapas de arquetas que fan moitísimo ruído cando pasa un vehículo por riba delas, rogámoslle de instrucións para a colocación de algunha xunta ou goma que evite o ruído.

4. Se atendan as lexítimas reclamacións dos habitantes dunha vivenda en Paraimas que reciben toda a auga da pista, e que simplemente lle solicitaron que se acondicionara unha cuneta para poder recollela, posto que a súa vivenda está nun plano inferior que o vieiro. (axuntamos foto)



5. Pregámoslle que sinalice o bórdallo con algún color ou elemento que o destaque da rúa Tafona N^o1 no lateral do Balneario Dávila, onde está o lavadoiro, temos reiteradas queixas de veciños maiores, con mobilidade reducida ou con problemas de visión, e incluso sabemos dunha persoa que sufriu grandes danos porque o ser toda a pedra do mesmo color non se distingue esa diferenza de nivel.

6. Que se retiren as máquinas expendedoras de tickets da zona azul, non están operativas dende fai anos, absolutamente oxidadas, a zona azul non funciona, e aínda por riba invaden a zona de paso dos peóns na beirarrúa

7. Se dean instrucións para arranxar o lamentable estado no que se atopa esta canaleta no lugar de Cesar, N^o10 da parroquia de San Clemente, xusto o carón dunha vivenda.

